

ASISTENTES:

Alcalde:

D. José Luis García López

Concelleiros:

D^a. M^a del Carmen Torreiro González

D^a. Aurora Varela Duro

D^a. M^a Pilar Castro Vallo

D. Miguel Sánchez Varela

D. Xosé Luis Fernández Segade

D.^a M^a Rosario Vázquez Orois

D. Alfonso Orois Conde

D.^a Cristina Castro Pampin

D. Alfonso Lodeiro Regueiro

D. Javier Rodríguez Vázquez

D^a. Begoña Balado Conde

Secretario:

D. Juan Colmenares López-Soldado

Interventora:

D^a. Olga Castro Fernández

ACTA

En Arzúa, a 26 de maio de 2014.

Sendo as 20.15 horas, reúnen no Salón de Sesións da Casa do Concello os concelleiros que se relacionan á marxe, integrantes do Pleno deste Concello, co obxecto de celebrar en primeira convocatoria a sesión extraordinaria convocada para este día.

Non asistindo a esta sesión o voceiro do Partido Popular Sr. Orois Valiño.

Deseguido, pasouse a tratar sobre os seguintes asuntos que integran a orde do día desta sesión:

Punto 1º LIMITE DO GASTO NON FINANCEIRO PARA O EXERCICIO 2014.

Polo secretario dáse lectura do ditame que, en relación con este asunto, emitiu a Comisión especial de Contas e de Economía e Facenda, na sesión celebrada o día 21 de maio de 2014; no seguinte sentido:

“Manifesta a Sra. Torreiro González (do BNG):

- Que a Lei Orgánica de estabilidade orzamentaria e financeira esixe a aprobación dun teito de gasto non financeiro, o gasto deste ano ascende 4.930.999,21.

- Que segundo o informe de intervención o teito de gasto non financeiro que terá que aprobarse, en cumprimento do disposto no artigo 30 da LOEPSF ascende a 4.930.999,21 euros.

Indican a Sra. Balado Conde (do PSOE) e a Sra. Castro Pampin (do PP) que non acabaron de revisar a documentación e, se teñen algunha dúbida con respecto a mesma, antes da sesión do Pleno preguntaranlle a interventora.

Tras o exposto, a presidenta desta Comisión de Contas someteu este asunto a votación ordinaria;

Adoptándose –por tres votos a favor (dos 3 concelleiros do BNG), coa abstención dos tres concelleiros do PP e da concelleira do PSdeG-PSOE- o acordo de

propoñer ao Pleno do Concello a aprobación do límite de gasto non financeiro para o exercicio 2.014."

Deseguido, a requirimento do alcalde, a interventora realizou a seguinte explicación:

- Que a aprobación do límite de gasto non financeiro é unha obriga que impón o artigo 30 da Lei Orgánica de Estabilidade Presupuestaria e Sostenibilidade Financeira.

- Que a obriga é aprobar un teito de gasto que sexa compatible co obxectivo de estabilidade orzamentaria e coa regra de gasto.

- Que a compatibilidade co principio de estabilidade orzamentaria cumprese verificando que o tope máximo de gasto non financeiro non excede a suma dos capítulos I ao VII de ingresos en termos de contabilidade nacional.

- Que a compatibilidade co cumprimento da regra de gasto compróbase verificando que a suma dos capítulos I ao VII de gastos non supera o límite máximo de gasto computable regulado na Lei de Estabilidade Presupuestaria e verificado para o exercicio 2014.

- Que, unha vez calculadas ambas magnitudes, aquela que compatibiliza cos dous parámetros é a menor, por tanto sería 4.930.999,21 euros. Unha vez calculado este límite, verificase que a previsión de ingresos ou gastos estea por debaixo do mesmo, de forma que non supere o teito de gasto non financeiro en termos de contabilidade nacional.

Seguidamente realizáronse as seguintes intervencións:

* Da Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) para indicar que está de acordo coa explicación que dou a interventora.

* Da Sra. Castro Pampín (do PP) par indicar que os membros do grupo político do Partido Popular vanse abster neste punto.

Non habendo máis intervencións, o Sr. alcalde someteu este asunto a votación ordinaria;

Adoptándose –por sete votos a favor (6 do BNG e 1 do PSdeG-PSOE), coa abstención dos cinco concelleiros do Partido Popular- o acordo de aprobar o límite de gasto non financeiro para o exercicio 2014.

Punto 2º) ORZAMENTO MUNICIPAL PARA O EXERCICIO 2014 E CADRO DE PERSOAL AO SERVIZO DESTA ENTIDADE LOCAL.

Polo secretario dáse lectura do ditame que, en relación con este asunto, emitiu a Comisión especial de Contas e de Economía e Facenda, na sesión celebrada o día 21 de maio de 2014; no seguinte sentido:

"Manifesta a presidenta desta comisión, Sra. Torreiro González (do BNG) que os orzamentos non variaron con respecto aos do ano pasado.

Indicando a Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) que aínda non rematou de mirar o expediente, xunto cos compañeiros da agrupación socialista, polo que se pronunciará na sesión do Pleno.

Mentres que, por parte da Sra. Castro Pampín (do PP) indicase que, aínda que mirou por riba o expediente, o grupo político do Partido Popular non se posicionará ata a sesión do Pleno.

Tras o exposto, a presidenta desta Comisión de Contas someteu este asunto a votación ordinaria.

Adoptándose –por tres votos a favor (das 3 concelleiras do BNG), e catro abstencións (3 concelleiros do PP e 1 concelleira do PSdeG-PSOE)- o acordo de propoñer ao Pleno do Concello a aprobación do orzamento municipal do presente exercicio tal como quedou elaborado."

Deseguido realizáronse as seguintes intervencións:

* Da Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) para expoñer:

- Que desde a agrupación socialista miramos estes orzamentos e parécenos que son uns orzamentos axustados á situación económica e que son uns orzamentos moi reais.

- Que faríamos algunha corrección, como por exemplo no caso da revisión do imposto sobre bens inmobles, sobre todo para favorecer a familias con menos recursos, porque hai familias en que todos os seus membros están en paro.

- Que sabemos que houbo menos axudas por parte da Deputación Provincial, menos subvencións e máis gastos, como por exemplo no caso de SOGAMA que houbo que pagar uns 40.000 euros.

- Que xa se tomaron medidas para o control do gasto, como vimos vendo ao longo deste ano nos Plenos que celebramos.

- Que estamos nunha situación económica delicada; e non vemos moito por onde se poida dispoñer de máis cartos.

- Que considera que este orzamento municipal adáptase bastante á realidade.

* Da Sra. Castro Pampín (do PP) para expoñer:

- Que consideramos que son uns orzamentos adaptados á situación que se esta a vivir nesta época.

- Que, en canto a algúns apartados do orzamento, obraríamos dunha forma diferente; polo que os integrantes do grupo político do Partido Popular vaise a abster.

* Do Sr. alcalde para expresar:

- Que, resumindo un pouco, cremos que se trata duns presupostos adecuados á realidade que temos, uns orzamentos marcados pola suba do custo dos servizos, sobre todo a suba do IVE que nos fixo bastante dano á hora de renovar as contratacións de servizos que estaban vencidos, como á hora de contratar novos servizos.

- Que son uns orzamentos marcados polos recortes de subvencións, tanto por parte da Deputación como da Xunta de Galicia.

- Que hai pouco marxe de manobra; o equipo de goberno tratou en todo momento de ir salvando a situación, sen facelo pagar aos veciños de Arzúa, refiríndose –por exemplo- a subir impostos; e sí é certo que revisouse o imposto sobre bens inmobles, o certo é que o incremento non foi tanto e xa sabemos todas as circunstancias en que se desenvolveron as negociacións para retocalo.

- Que, en canto ao capítulo de persoal, non hai grandes cambios, porque tampouco os hai con respecto ao anterior orzamento.

- Que o marxe de manobra para levar a cabo proxectos é bastante pouco.

- Que, en canto ao capítulo de investimentos, cabe destacar algunhas obras que se van facer con aportación do POS e do Plan DTC, e algunhas con cargo ao orzamento do Concello, por exemplo: as melloras nalgún edificio municipal, como sería o caso do caseto que hai na feira, onde está Cáritas, a asociación O Estribo e onde están os veterinarios os días de feira; ou o arranxo do edificio onde estaba Protección Civil, o cal ten goteiras e vaise arranxar o teito; ou o arranxo dun bo número de pistas, que están deterioradas por razón dos invernos de choiva que tivemos.

- Que son necesidades reais, sen mirar moito a que tipo de veciños se beneficia, como por exemplo o caso de Outeiro, onde se vai a proporcionar auga aos veciños.

- Que, respecto a outros capítulos, seguimos coa idea de axudas ao fomento do emprego, axudando ás empresas para que contraten xente; así, dependendo do período de tempo que se contrate a unha persoa, o concello subvencionará parte do custo da Seguridade Social.

- Que previuse un incremento no apartado de cultura, para dedicar recursos a actividades culturais e tamén a actividades formativas.

- Que dedicamos unha maior partida ao arranxo de viais, debido á situación en que están, serán case 100.000 euros con cargo ao orzamento do Concello, sen axuda da Xunta de Galicia nin da Deputación Provincial.

- Que, en canto a asuntos sociais, hai unha previsión para emerxencia social, para xente que está nunha situación precaria e pide ese tipo de axudas puntuais.

- Que, dentro do capítulo de gastos en servizos, o de enerxía eléctrica, polo alumeadado público, é un dos mais caros, xa que vai por encima dos 200.000 euros anuais; ou o de recollida de lixo, polo incremento do 34% neste ano.

* Pola Sra. Castro Pampín (do PP) para manifestar que comprende que é complicado confeccionar uns orzamentos con esta situación, porque se esta atado por todos eses recortes e gastos.

Tras todo o exposto, o Sr. alcalde someteu a votación ordinaria a aprobación do orzamento municipal elaborado para o exercicio 2014 e do cadro de persoal ao servizo desta entidade local, nos termos en que foron presentados.

Adoptándose –por sete votos a favor (6 do BNG e 1 do PSdeG-PSOE), coa abstención dos cinco concelleiros presentes do Partido Popular- os seguintes acordos:

Primeiro.- Aprobar inicialmente o orzamento municipal do presente exercicio económico 2014, nos termos en que foi elaborado.

Segundo- Expoñer ao público o expediente por prazo de quince días hábiles, a efectos de reclamacións no Boletín Oficial da Provincia, conforme se dispón no artigo 169 nº 1 do Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Terceiro- Que –de conformidade con dito artigo- no suposto de no presentarse reclamacións contra dito expediente considerárase definitivamente aprobado; publicándose no Boletín Oficial da Provincia o resumo de cómo quedan os Capítulos do Estado de Gastos e de Ingresos do orzamento municipal, a efectos de que poida entrar en vigor; dando cumprimento así ao disposto no artigo 169 nº 5 e 3 do citado Real Decreto Legislativo.

Cuarto- Que, de conformidade co número 4 do artigo 169 do mesmo Real Decreto Legislativo 2/2004, remitirase copia do expediente á Administración do Estado e á Comunidade Autónoma.

Quinto- Aprobar ao mesmo tempo o cadro de persoal funcionario e de persoal laboral ao servizo desta Entidade Local, que figura incluído no expediente do orzamento municipal.

Punto 3º) EXPEDIENTE DE RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS 2/2014.

Polo secretario dáse lectura do ditame que, en relación con este asunto, emitiu a Comisión especial de Contas e de Economía e Facenda, na sesión celebrada o día 21 de maio de 2014; no seguinte sentido:

“Indica a presidenta desta comisión, Sra. Torreiro González (do BNG):

- Que este tipo de expediente instruese debido a que se presentan facturas procedentes de exercicios anteriores, e hai que habilitar uns créditos para poderlas atender.

- Que neste caso só hai unha factura, que é a presentada pola empresa ARCO IRIS MUSICAL, S.L, por un importe de 1.500 euros.

Manifesta a Sra. Castro Pampín (do PP) que este expediente non ten ningún tipo de problema, aínda que se van abster na votación.

Indica a Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) que esta de acordo co citado expediente.

Tras o exposto, a presidenta desta Comisión de Contas someteu este asunto a votación ordinaria.

Adoptándose –por 4 votos a favor (das 3 concelleiras do BNG e 1 da concelleira do PSdeG-PSOE), e tres abstencións (dos concelleiros do PP)- o acordo de propoñer ao Pleno do Concello a aprobación do referido expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos 2/2014.”

Coñecido que a única factura pendente de pago foi a que quedou descrita na providencia do alcalde de data 9 de abril de 2014, pola que se decidiu a instrucción do presente expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos.

Previa a apertura polo Sr. alcalde dunha rolda de intervencións, emitíronse as seguintes opinións:

*Da Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) para expresar que este tipo de expedientes ten que seguir uns trámites ata a súa aprobación polo Pleno e, tendo en conta os trámites realizados, vai votar a favor da súa aprobación.

* Da Sra. Castro Pampín (do PP) para expresar que entendemos que se trata dunha factura dun exercicio anterior, presentada fora de prazo; e como nosa postura, neste tipo de expedientes, é a de absternos, imos a seguir nesta mesma liña.

* Do Sr. alcalde para aclarar que a factura incluída neste expediente refírese a un piano eléctrico que se comprou para o Conservatorio presentándose a factura con moito retraso.

Tras o exposto, polo Sr. alcalde someteuse este asunto a votación ordinaria

Adoptándose –por sete votos a favor (6 do BNG e 1 do PSdeG-PSOE), coa abstención dos cinco concelleiros presentes do PP- o acordo de recoñecer a obriga á que se refire este expediente e que figura descrita no mesmo, polo importe que quedou indicado; dispoñendo que se efectue o pago da mesma.

Punto 4º) CONCESIÓN DE BONIFICACIÓN NA COTA DO IMPOSTO SOBRE INSTALACIÓNS, CONSTRUCIÓN E OBRAS.

Polo secretario dáse lectura do ditame que, en relación con este asunto, emitiu a Comisión especial de Contas e de Economía e Facenda na sesión celebrada o día 21 de maio de 2014; no seguinte sentido:

Polo secretario informase sobre os seguintes tres escritos presentados no Rexistro Xeral do Concello, solicitando unha bonificación do 50% na cota do imposto municipal sobre construcións, instalacións e obras:

• Un, presentado o día 11 de outubro de 2013, por don **Angel Rodríguez Miras**, con DNI número 46.898.612-W, veciño de Arzúa, con domicilio na rúa de Lugo nº 40,

1º B, actuando en representación de “SAT Doroña Xuga”, á cal lle foi concedida licenza pola Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada o día 22 de outubro de 2013, para as obras de ampliación dunha explotación de gando vacún, aprobándose unha liquidación por importe de 2.998,65 euros polo concepto de dito imposto.

• *Outro, presentado o día 24 de outubro de 2013, por don **Jesús Vicente Martínez Santos**, con DNI número 33.286.208-X, veciño de Arzúa, con domicilio no lugar de Remesil da parroquia de Dombodan, actuando en representación de “Gandería Remesil, S.C.”, á cal lle foi concedida licenza pola Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada o día 13 de novembro de 2013, para as obras de aplicación dunha explotación de gando vacún de leite; aprobándose unha liquidación por importe de 566,40 euros polo concepto de dito imposto.*

• *Outro, presentado o día 17 de febreiro de 2014, por don **Manuel Alberto Barral Cutrín**, con DNI número 44.817.485-F, veciño de Arzúa, con domicilio no lugar de A Riba da parroquia de Pantiñobre, actuando en representación de “Gandería Barral, S.C.”, á cal foille concedida licenza pola Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada o día 3 de abril de 2014, para as obras de ampliación dunha explotación de gando vacún; sendo aprobada unha liquidación por importe de 565,98 euros polo concepto de dito imposto.*

E mostrando a súa conformidade todos os asistentes coa concesión destas bonificacións.

Pola presidenta desta Comisión de Contas, a Sra. Varela Duro (do BNG), someteuse este asunto a votación ordinaria.

Adoptándose –por unanimidade dos sete membros asistentes (3 do BNG, 3 de PP e 1 do PSdeG-PSOE)- o acordo de informar favorablemente a concesión das tres bonificacións solicitadas e propoñer ao Pleno a súa aprobación.

Coñecido polos asistentes o contido dos tres escritos presentados, sobre a solicitude de bonificación.

E constando –nos respectivos expedientes- os informes emitidos pola interventora municipal, con data 8 de abril de 2014; de cuxos informes dedúcese:

A) Que o artigo 103 nº 2 letra a) do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aprobou o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais dispón que “as ordenanzas fiscais poderán regular unha bonificación na cota do imposto sobre construcións, instalacións e obras de ata o 95% a favor daquelas construcións, instalacións e obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal, por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento de emprego, que xustifiquen tal declaración”.

B) Que dita ordenanza establece –no seu artigo 7 apartado I) “Bonificacións”, subapartado d)- unha bonificación do 50% na cota do referido imposto, cando se trate de construcións, instalacións e obras promovidas por agricultores ou gandeiros;

suposto no que se encadrarían as actuacións a que se refiren os tres anteriores expedientes relacionados.

Considerando, de conformidade co disposto no artigo 7 da ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras:

a) Que a declaración de especial interese ou utilidade municipal deberá ser solicitada polo suxeito pasivo, e

b) Que, unha vez informada esa solicitude, corresponderá ao Pleno do Concello decidir –por maioría simple- se concorren as circunstancias para efectuar a declaración de especial interese ou utilidade municipal.

Polo Sr. alcalde someteuse este asunto a votación ordinaria;

Adoptándose –por unanimidade dos doce membros asistentes- os seguintes acordos:

Primeiro.- Considerar de especial interese e utilidade municipal as construcións que quedaron detalladas nas tres solicitudes indicadas na parte expositiva deste acordo, por concurrir circunstancias sociais e de fomento de emprego; para as que se concedeu licenza municipal pola Xunta de Goberno Local nas datas antes indicadas.

Segundo.- En consecuencia con esta declaración, conceder os beneficios solicitados do 50 por 100 na cota do imposto municipal sobre construcións, instalacións e obras, que se aplicará sobre as liquidacións que foron practicadas e aprobadas cando se adoptaron os acordos de concesión das licenzas municipais para poder realizar as construcións indicadas.

Terceiro.- Notificar este acordo aos tres solicitantes das bonificacións, practicándolles unha nova liquidación tributaria, co obxecto de recoller as bonificacións agora aprobadas.

Punto 5º). DERROGACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE INSTALACIÓN, CONSTRUCIÓN E OBRAS (APROBADA POLO PLENO DO CONCELLO O 14 DE MAIO DE 2008 E PUBLICADA NO BOP O 11/07/2008) E APROBACIÓN DA NOVA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DE DITO IMPOSTO MUNICIPAL.

Polo secretario dáse lectura do ditame que en relación con este asunto, emitiu a Comisión especial de Contas e de Economía e Facenda, na sesión celebrada o día 21 de maio de 2014; no seguinte sentido:

“Indica a Sra. Torreiro González (do BNG)

- Que derogar a anterior ordenanza, e facer outra nova, vén motivado pola necesidade de adaptar a ordenanza a Lei 9/2013, de 19 de decembro, do Emprendemento e da competitividade económica de Galicia.

- *Que o imposto sobre instalacións, construcións e obras non variou con respecto a anterior ordenanza que aprobara o Pleno o 14 de maio de 2008, aínda que no anexo I no punto 11 (peches) si que hai variación.*

Intervén a interventora para aclarar: que realmente non houbo ningunha variación con respecto a anterior ordenanza, xa que o importe aprobado polo Pleno para os peches é o mesmo, o que sucedeu foi que cando se publicou aquela ordenanza no BOP figuraban unhas cantidades erróneas en canto aos peches.

Tras o exposto, a presidenta desta comisión de contas someteu este asunto a votación ordinaria.

Adoptándose –por unanimidade dos sete membros integrantes da comisión- o acordo de propoñer ao Pleno do Concello a derogación da anterior ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre Instalacións, Construcións e Obras e a aprobación da nova."

Deseguido realizáronse as seguintes intervencións:

*Da Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) para expresar que, como se trata dun trámite que hai que realizar, para adaptar esta ordenanza á Lei 9/2013 do Emprendemento e da Competitividade económica de Galicia; e, como non se cambiou nada, estamos de acordo.

*Da Sra. Castro Pampín (do PP) para expresar que estamos de acordo, ao tratarse dun trámite que se ten que facer, para a adecuación desta ordenanza a unha normativa, e –segundo nos aclarou a interventora- a nova ordenanza vai quedar igual que a anterior, coa matización de que se producira un erro na publicación desa anterior ordenanza no Boletín Oficial da Provincia.

Non realizándose máis intervencións; polo Sr. alcalde sometéronse a votación ordinaria os puntos que podería adoptar na resolución deste asunto;

Adoptándose -por unanimidade dos doce membros asistentes- os seguintes acordos:

Primeiro.- Derrogar a ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre Construcións, Instalacións e obras, que fora aprobada inicialmente polo Pleno do Concello, na sesión celebrada o día 14 de maio de 2008; cuxo acordo quedou elevado a definitivo ao non presentarse reclamación ou suxerencia ningunha durante o período de información pública; polo que se publicou aquel acordo e o texto íntegro da ordenanza agora derogada no Boletín Oficial da Provincia nº 159 de 11 de xullo de 2008.

Segundo.- Aprobar provisionalmente a ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras.

Terceiro.- Expoñer ao público o expediente no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello e no Boletín Oficial da Provincia, durante o prazo de trinta días hábiles,

durante os cales os interesados poderán presentar as reclamacións ou suxerencias que estimen oportunas.

Cuarto.- Considerar elevado a definitivo, tanto o acordo de aprobación provisional da referida ordenanza, como o acordo de derogación da anterior, para o suposto de que non se presenten reclamacións durante o período de exposición pública.

Quinto.- No anterior suposto (de aprobación tácita) publicárase integramente, no Boletín Oficial da Provincia, tanto o texto da referida ordenanza, así como a parte dispositiva do acordo de aprobación da mesma e de derogación da anterior.

Entrando en vigor a nova ordenanza cando se leve a cabo a publicación íntegra da mesma no Boletín Oficial da Provincia.

Punto 6º DERROGACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR OUTORGAMENTO DE LICENZAS DE APERTURA (APROBADA POLO PLENO DO CONCELLO O 29 DE OUTUBRO DE 2003 E PUBLICADA NO BOP O 26/12/2003) E APROBACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR OUTORGAMENTO DE LICENZAS DE APERTURA E POLA INTERVENCIÓN MUNICIPAL EN COMUNICACIÓNS PREVIAS E DECLARACIÓNS RESPONSABLES.

Polo secretario dáse lectura do ditame que, en relación con este asunto, emitiu a Comisión especial de Contas e de Economía e Facenda, na sesión celebrada o día 21 de maio de 2014; no seguinte sentido:

“Indica a presidenta desta comisión, Sra. Torreiro González:

- Que elaborar esta nova ordenanza tamén vén motivado para adaptala a Lei 9/2013, de 19 de decembro, do Emprendemento e da competitividade económica de Galicia.

- Que a diferenza con respecto a anterior ordenanza dáse en que nos cadros de tarifas variáronse os tramos de superficie, e engadíronse varios tramos máis de superficie que non contemplaba a anterior ordenanza.

Nesta nova ordenza faise distinción entre: actividades sometidas a comunicación previa sen autorización ambiental e con autorización ambiental. (por unha parte), e actividades sometidas a licenza (por outra parte).

Pregunta a Sra. Vázquez Orois (do PP): ¿canto pagaba antes, pola anterior ordenanza, un local de 100 metros cadrados e que pagaría agora?

Contesta a Sra. Torreiro González que antes pagábase sobre 150 euros e agora, máis o menos, sobre a mesma cantidade.

Tras o exposto, a presidenta desta Comisión de Contas someteu este asunto a votación ordinaria.

Adoptándose –por unanimidade dos sete membros integrantes da comisión- o acordo de propoñer ao Pleno do Concello: a derogación da anterior ordenanza fiscal reguladora da taxa por outorgamento de licenzas de apertura e a aprobación da ordenanza fiscal reguladora da taxa por outorgamento de licenzas de apertura e pola intervención municipal en comunicacións previas e declaracións responsables”

Deseguido realizáronse as seguintes intervencións:

* Da Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) para expresar que está de acordo con que se leve a cabo a aprobación de dita ordenanza, derogando para iso a anterior.

* Da Sra. Castro Pampin (do PP), para expresar que coa modificación que se fai nos tramos de superficie vai quedar máis completa a nova ordenanza, polo que os integrantes do grupo político do Partido Popular mostran a súa conformidade.

* Do Sr. alcalde para expoñer que a modificación desta ordenanza consiste en variar os tramos da superficie previstos, porque antes pagábase igual por unha edificación de máis de 400 metros cadrados que por unha de 5.000 metros cadrados; e o que se fai é cumprir un pouco máis os tramos de superficie, e engadiuse un tramo de máis de 400 metros cadrados e menos de 500 metros cadrados, e de máis de 500 metros cadrados ata 1.000 metros cadrados e outro de máis de 1.000 metros cadrados; polo cal nos parece máis xusta.

Non realizándose máis intervencións; polo Sr. alcalde someteronse a votación ordinaria os puntos que procedería adoptar na resolución deste asunto;

Adoptándose –por unanimidade dos doce membros asistentes- os seguintes acordos:

Primeiro.- Derrogar a ordenanza fiscal reguladora da taxa por outorgamento de licenzas de apertura, que fora aprobada inicialmente polo Pleno do Concello, na sesión celebrada o día 29 de outubro de 2003; cuxo acordo quedou elevado a definitivo ao non presentarse reclamación un suxerencia ningunha durante o período de información pública; polo que se publicou aquel acordo e o texto íntegro da ordenanza agora derogada no Boletín Oficial da Provincia nº 295 de 26 de decembro de 2003.

Segundo.- Aprobar provisionalmente a ordenanza fiscal reguladora da taxa polo outorgamento de licenzas de apertura e pola intervención municipal en comunicacións previas de declaracións responsables.

Terceiro.- Expoñer ao público o expediente no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello e no Boletín Oficial da Provincia, durante o prazo de trinta días hábiles, durante os cales os interesados poderán presentar as reclamacións ou suxerencias que estimen oportunas.

Cuarto.- Considerar elevado a definitivo, tanto o acordo de aprobación provisional da referida ordenanza, como o acordo de derogación da anterior, para o suposto de que non se presenten reclamacións durante o período de exposición pública.

Quinto.- No anterior suposto (de aprobación tácita) publicárase integramente, no Boletín Oficial da Provincia, tanto o texto da referida ordenanza, así como a parte dispositiva do acordo de aprobación da mesma e de derogación da anterior.

Entrando en vigor a nova ordenanza cando se leve a cabo a publicación íntegra da mesma no Boletín Oficial da Provincia.

Punto 7º) DERROGACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR OUTORGAMENTO DE LICENZAS URBANÍSTICAS (APROBADA POLO PLENO DO CONCELLO O 30 DE OUTUBRO DE 2007 E PUBLICADA NO BOP 22 DE DECEMEBRO DE 2007) E APROBACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR OUTORGAMENTO DE LICENZAS URBANÍSTICAS E REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES ADMINISTRATIVAS DE CONTROL.

Polo secretario dáse lectura do ditame que, en relación con este asunto, emitiu a Comisión especial de Contas e de Economía e Facenda, na sesión celebrada o día 21 de maio de 2014; no seguinte sentido:

“Indica a Sra. Torreiro González:

- Que ao igual que nas ordenanzas anteriores esta ordenanza tamén se elaboraou para adaptala a Lei 9/2013, de 19 de decembro, do Emprendemento e da competitividade económica de Galicia.

- Que ao igual que a anterior ordenanza a cota tributaria determinarase mediante a aplicación á base imponible do tipo de gravame do 0,75%, mentres que e para as taxas por outorgamento de licenzas de primeira ocupación será do 0,5%

Indica a Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) que estudiara esta ordenanza para o Pleno.

Indica a Sra. Castro Pampín (do PP) que votaran a favor porque ven que non variou nada con respecto a ordenanza anterior.

Tras o exposto , a presidenta desta Comisión de Contas someteu este asunto a votación ordinaria.

Adoptándose –por unanimidade dos sete membros integrantes da comisión- o acordo de propoñer ao Pleno do Concello a derogación da anterior ordenanza fiscal reguladora da taxa por outorgamento de licenzas urbanísticas e a aprobación da ordenanza fiscal reguladora da taxa por outorgamento de licenzas urbanísticas e realización de actividades administrativas de control.”

Deseguido realizáronse as seguintes intervencións:

* Da Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) para expresar que como a nova ordenanza non variou con respecto á anterior, e vai supor que se axilicen os trámites

para a concesión das licenzas de obras, -o cal é beneficioso para o solicitante-, manifesta a súa conformidade.

* Da Sra. Castro Pampín (do PP) para expresar que como se trata de realizar unha adaptación á Lei 9/2013 do Emprendemento e da competitividade económica de Galicia, e non supón unha variación importante a redacción desta nova ordenanza, que incluso permite axilizar os trámites en canto á concesión das licenzas de obras, considerao beneficioso.

* Do Sr. alcalde para expoñer que, tanto no caso desta ordenanza como no caso das ordenanzas incluídas nos dos puntos anteriores, a súa nova redacción foi debida á necesidade de realizar a súa adaptación á Lei 9/2013; e para a súa elaboración pediuse asesoramento ao departamento de urbanismo, porque os traballadores de dito departamento son os que teñen que tratar sobre estes temas todos os días.

Non realizándose máis intervencións; polo Sr. alcalde sometéronse a votación ordinaria os puntos que procedería adoptar na resolución deste asunto;

Adoptándose –por unanimidade dos doce membros asistentes- os seguintes acordos:

Primeiro.- Derrogar a ordenanza fiscal reguladora da taxa por outorgamento de licenzas urbanísticas, que fora aprobada inicialmente polo Pleno do Concello, na sesión celebrada o día 30 de outubro de 2007; cuxo acordo quedou elevado a definitivo ao non presentarse reclamación un suxerencia ningunha durante o período de información pública; polo que se publicou aquel acordo e o texto íntegro da ordenanza agora derogada no Boletín Oficial da Provincia nº 294 de 22 de decembro de 2007.

Segundo.- Aprobar provisionalmente a nova ordenanza fiscal reguladora da taxa polo outorgamento de licenzas de urbanísticas e realización de actividades administrativas de control.

Terceiro.- Expoñer ao público o expediente no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello e no Boletín Oficial da Provincia, durante o prazo de trinta días hábiles, durante os cales os interesados poderán presentar as reclamacións ou suxerencias que estimen oportunas.

Cuarto.- Considerar elevado a definitivo, tanto o acordo de aprobación provisional da referida ordenanza, como o acordo de derogación da anterior, para o suposto de que non se presenten reclamacións durante o período de exposición pública.

Quinto.- No anterior suposto (de aprobación tácita) publicárase integramente, no Boletín Oficial da Provincia, tanto o texto da referida ordenanza, así como a parte dispositiva do acordo de aprobación da mesma e de derogación da anterior.

Entrando en vigor a nova ordenanza cando se leve a cabo a publicación íntegra da mesma no Boletín Oficial da Provincia.

Punto 8º.- MODIFICACIÓN DO ACORDO ADOPTADO NA SESIÓN PLENARIA ANTERIOR, NOMEADO “DTC93 UNHA DEPUTACIÓN PARA TODOS OS CONCELLOS”.

Dáse lectura do dictame que, en relación con este asunto, emitiu a Comisión Informativa para Asuntos do Pleno na sesión celebrada o día 21 de maio de 2014; no seguinte sentido:

“Coñecido o contido do acordo adoptado polo Pleno deste Concello, na sesión celebrada o día 30 do pasado mes de abril, ao resolver sobre o punto 5º da súa orde do día, nomeado “Plan DTC 93 Unha Deputación para todos os Concellos”;

Pola Presidenta desta comisión informativa, Sra. Varela Duro (do BNG), infórmase que –cuando se remitiu á Deputación Provincial a documentación referida a dito plan- informáronnos que a obra consistente na rehabilitación do local social de Pantiñobre non podía ser incluída neste plan, polo que había que cambiala por outra; e así se fixo, encargando ao enxeñeiro de camiños don Julio Rojo Martínez a elaboración dun proxecto técnico para poder contratar a obra nomeada “Reparación rúa Padre Pardo (Arzúa) e outras”, polo mesmo orzamento de execución total de 30.815,30 euros, para cuxa execución se prevé un prazo de execución de seis meses.

Manifestando os restantes concelleiros asistentes: que estaban de acordo con esta substitución.

Polo que a presidenta someteu este asunto a votación ordinaria;

Adoptándose –por unanimidade dos sete membros asistentes (3 do BNG, 3 do PP e 1 do PSdeG-PSOE)- o acordo de propoñer ao Pleno do Concello a substitución, unha por outra, as dúas obras indicadas; e que permanezan inalterables os demais puntos do acordo adoptado polo Pleno naquela sesión do día 30 de abril”.

Deseguido realizáronse as seguintes intervencións:

* Da Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) para expresar que non vai poñer ningún tipo de traba, para que se poida modificar dito acordo, porque -se había que substituír unha das obras que se incluírán en dito plan- non queda outra.

* Da Sra. Castro Pampín (do PP) para expresar que, como quedou patente na sesión da comisión informativa, estamos de acordo porque simplemente trátase de substituír unha obra que non se puido incluír no Plan DTC-93 por outra, aínda que seguramente habería moitas máis obras que tamén se poderían incluír dentro de dito plan.

* Do Sr. alcalde para expoñer que o problema coa obra incluída inicialmente no Plan DTC-93 xurdiu porque nas bases deste plan hai un punto que di que se poden incluír obras de rehabilitación e reparación de infraestruturas e inmobles propiedade da entidade local afectados ao servizo público; e crimos que se podía meter esa obra, pero

-unha vez enviada a documentación correspondente- dixéronnos que non, por uns motivos.

Requirindo nese momento o alcalde á interventora que explicase eses motivos; Manifestando a interventora que, dentro do apartado de clasificación funcional 933 de rehabilitación de edificios de propiedade municipal, entran todos aqueles que non están imputados a outro apartado da estrutura orzamentaria.

E na Deputación interpretaron que o proxecto de rehabilitación dun local social está afectado a un fin concreto; e dixéronnos, tanto ao alcalde como a ela, que por esa vía só financiaban a reforma e mellora nas casas consistoriais, polo que non se podía incluír a obra de rehabilitación do local social de Pantiñobre.

* Volve a intervir o alcalde para informar que cambiouse esa obra por outra, consistente no arranxo de vías municipais, dada a necesidade e urxencia do seu acondicionamento.

Unha vez explicado o motivo polo cal procede realizar a substitución da obra nomeada “Rehabilitación local en Pantiñobre”, pola nomeada “Reparación rúa Padre Pardo (Arzúa) e outras”; o Sr. alcalde someteu este asunto a votación ordinaria.

Adoptáanse –por unanimidade dos doce membros asistentes, sendo trece o número legal dos que integran a Corporación Municipal- os seguintes acordos:

Primeiro.- Modificar o acordo adoptado polo Pleno deste Concello na sesión celebrada o día 30 de abril, cando se tratou sobre o Punto 5º) “*Plan DTC 93 Unha Deputación para todos os Concellos*”; no sentido de **excluir** de dito plan a obra denominada “Rehabilitación local en Pantiñobre”, por un presuposto de execución de 30.815,30 euros, que ía ser financiada íntegramente pola Deputación Provincial, e **incluir** no seu lugar a obra denominada “Reparación Rúa Padre Pardo (Arzúa) e outras”, polo mesmo presuposto de execución total, para ser financiada íntegramente pola Deputación Provincial a través do citado Plan DTC 93.

Segundo.- Aprobar o proxecto técnico, correspondente a esa obra denominada “Reparación Rúa Padre Pardo (Arzúa) e outras”, que foi confeccionado polo Enxeñeiro de Camiños D. Julio Rojo Martínez, con data de maio de 2014, en cuxo proxecto técnico se prevé un prazo de execución de seis meses.

En consecuencia, os cadros explicativos da inclusión e financiación das obras a través do “Plan DTC 93 Unha Deputación para todos os Concellos”, quedarían da forma seguinte:

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO TOTAL	ACHEGA MUNICIPAL	ACHEGA PROVINCIAL
1. Reparación pavimento Estrada Vella Boente-Castañeda	30.255,41	2.073,26	28.182,15
2. Reparación camiño San Miguel-Maroxo-Pastoriza e outro	42.615,95	3.409,28	39.206,67
3. Reparación camiño A Riba Abruñedo (Villadavil)	36.543,06		36.543,06
4. Reparación camiño Outeiro Bosende (Sta.	34.144,36	2.219,38	31.924,98

María)			
5. Reparación rede abastecemento Outeiro e outro	31.622,95		31.622,95
6. Reparación pavimento das rúas Fonte Fraga e San Salvador	48.805,54		48.805,54
7. Reparación rúa Padre Pardo (Arzúa) y outras	30.815,30		30.815,30
TOTAL	254.802,57	7.701,92	247.100,65

	DEPUTACION	CONCELLO	OUTRAS ACHEGAS	ORZAMENTO TOTAL
Subtotal obras	247.100,65	7.701,92	0	254.802,57
Total	247.100,65	7.701,92	0	254.802,57

Terceiro.- Manter os restantes puntos do acordo plenario de 30 de abril de 2014, que en canto atinxen á execución e financiación da obra agora aprobada serán os seguintes:

I) Declarar que o Concello conta cos terreos, autorizacións e concesións necesarias para a execución das obras que quedaron indicadas.

II) Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento das obras que quedaron indicadas, que serán financiadas na forma que quedou prevista no cadro que figura no punto segundo deste acordo.

III) Autorizar á Deputación Provincial a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social, nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

IV) Facultar ao alcalde para que adopte as resolucións que procedan, en relación coa execución dos acordos agora adoptados.

Punto 9º) ORDENANZA REGULADORA DO SERVIZO DE INTERMEDIACIÓN LABORAL NOMEADO “BOLSA DE EMPREGO DO CONCELLO DE ARZÚA”

Dáse lectura do dictame que, en relación con este asunto, emitiu a Comisión Informativa para Asuntos do Pleno, na sesión celebrada o día 21 de maio de 2014; no seguinte sentido:

“Indica a Sra. Varela Duro (do BNG):

- Que estar na bolsa de emprego non implica que se vaia a contratar esa persoa, senon que a persoa que esta inscrita na bolsa de emprego pode ser chamada por unha empresa e tamén polo concello para facer substitucións.

- Que quedan excluídos desta ordenanza: o persoal contrato ao amparo de subvencións, persoal que se contrate en razón de convenios, prazas nas que concorran características especiais e persoal en prácticas de formación.

Manifesta o Sr. Orois Valiño (do PP):

- Que lle parece unha boa idea esta ordenanza, aínda que vai ter pouca eficacia.

- Que no artigo 2 titulado “Requisitos das persoas aspirantes”, no seu apartado e) di o seguinte: “Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin estar inhabilitado absoluta ou especialmente para o acceso ao Corpo ou escala de funcionarios, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral, no que fora separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non estar sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público”.

E entende que dito apartado é só aplicable para traballar en postos públicos, pero non para unha persona que vaia a ser contratada por unha empresa, porque o Concello non pode decidir que alguén que estea, por exemplo en liberdade condicional o que non reuna ningún requisito para poder ser contratado pola Administración, non poida ser contratado por unha empresa privada.

Manifesta a Sra. Castro Vallo (do BNG) que unha cousa son os requisitos para poder ser incluído na bolsa de traballo e outra cousa son os requisitos para acceder a un posto de traballo na Administración, porque este requisito xa virá previsto nas bases de contratación.

Tras todo o exposto, por unanimidade dos sete membros asistentes (3 do BNG, 3 do PP e 1 do PSdeG-PSOE), acordouse non pronunciarse agora sobre este asunto, e que o faga o Pleno do Concello na sesión na que se inclúa este punto dentro da Orde do día, cando se modifique o texto do apartado e) do artigo 2.”

Deseguido realizáronse as seguintes intervencións:

* Da Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) para expresar:

- Que lle parece unha boa idea a regulación dunha bolsa de emprego; e pensa que debería estar feita, porque en moitos concellos xa a hai.

- Que en noso concello hai moitos mozos e mozas que están en situación de desemprego despois de rematar os seus estudos; e na situación na que estamos esa bolsa de emprego sería unha opción que terían para encontrar un traballo, aínda que sexa para facer substitucións no concello nos períodos de vacacións dos traballadores, ou por baixas destes.

* Da Sra. Castro Pampín (do PP) para expresar:

- Que parécenos unha ordenanza moi positiva, tanto para o tecido empresarial como para o demandante de emprego, aínda que xa se verá se os resultados son positivos ou non, esperemos que o sexan.

- Que tamén considera procedente que se eliminase o apartado e) do artigo 2 desta ordenanza, polos motivos que expuso o Sr. Orois Valiño na sesión da comisión informativa.

*Do Sr. alcalde para expoñer:

- Que ese apartado e) do artigo 2 eliminouse tamén para buscar un maior consenso posible.

- Que se considera convinte que haxa esta ordenanza, para que se regule unha intermediación entre as persoas que buscan emprego con empresas e o concello, e máis tendo en conta que –no orzamento municipal aprobado- contemplase unha partida de axudas a empresas, para pagar parte dos gastos de Seguridade Social dos traballadores que contraten.

- Que, se por unha parte podemos conceder axudas para que as empresas contraten a persoas nun momento puntual, é normal o ter unha bolsa de emprego da cal se poida tirar.

- Que, coa aprobación desta ordenanza, as subvencións que se concedan polo concello estarán máis reguladas; ao igual que as contratacións de persoal que faga o concello de aquí en diante.

Non realizándose máis intervencións, polo Sr. alcalde sometéronse a votación ordinaria os puntos que procedería adoptar na resolución deste asunto;

Adoptándose –por unanimidade dos doce membros asistentes- os seguintes acordos:

Primeiro.- Aprobar provisionalmente a ordenanza reguladora do servizo de intermediación laboral, nomeado “Bolsa de emprego do Concello de Arzúa”.

Segundo.- Expoñer ao público o expediente no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello e no Boletín Oficial da Provincia, durante o prazo de trinta días hábiles durante os cales os interesados poderán presentar as reclamacións ou suxerencias que estimen oportunas.

Terceiro.- Considerar elevado a definitivo o acordo de aprobación provisional da referida ordenanza, para o suposto de que non se presenten reclamacións durante o período de exposición pública.

Cuarto.- Para o anterior suposto (de aprobación tácita) publicarase integramente -o texto da referida ordenanza así como este acordo de aprobación- no Boletín Oficial da Provincia.

Sen que poida entrar en vigor a ordenanza ata que fora publicada en dito Boletín e transcorra tamén o prazo de quince días hábiles a que se refire o artigo 70 nº 2, en relación co artigo 65 nº 2 da Lei 7/1985 de 2 de abril; Reguladora das Bases de Réxime Local; e comezará a aplicarse a partir do día seguinte, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

E non habendo máis asuntos de que tratar, de orde do Sr. presidente dáse por rematado o acto, levantándose a sesión ás 22.00 horas do indicado día, estendéndose a

presente acta, que será sometida á consideración dos membros desta Corporación Municipal asistentes á próxima sesión. Do que dou fe.